

33ª CARREIRA POPULAR “GUNDIÁN 2026”

PONTE ULLA Vedra 13 de setembro de 2026

1/ Inscripción

Inscripción obrigatoria e gratuíta en www.gundian.gal/inscripcion ata o 9 de setembro ás 23:59h.

2/ Categorias

- **A Especial (masculina e feminina).** Até 4 anos (nados/as do 2022 ao 2026)
- **A (masculina e feminina).** De 5 a 8 anos (nados/as do 2018 ao 2021)
- **B (masculina e feminina).** De 9 a 12 anos (nados/as do 2014 ao 2017)
- **C (masculina e feminina).** De 13 a 15 anos (nados/as do 2011 ao 2013)
- **D (masculina e feminina).** De 16 a 18 anos (nados/as do 2008 ao 2010)
- **E Feminina.** De 19 a 35 anos (nadas do 1991 ao 2007)
- **E Masculina.** De 19 a 40 anos (nados do 1986 ao 2007)
- **F Feminina.** Maiores de 35 anos (nados até o 1990 inclusive)
- **F Masculina.** Maiores de 40 anos (nados até o 1985 inclusive)

3/ Realización da proba

Recollida de dorsais: o 13 de setembro ata as 10 h en Casa Ríos (Ponte Ulla).

Saída: ás 10:30 h desde Ponte Ulla.

Percorrido: o circuíto consta de aproximadamente 5 quilómetros. Transcorre por ambas marxes do río Ulla, con chegada na ermida do Gundián. Para as categorías A Especial, A e B haberá percorridos máis curtos.

4/ Premios

- **Vencedores/as absolutos/as:** trofeo conmemorativo en cerámica da Ponte de Gundián e vales para material deportivo para 1º, 2º e 3º tanto na modalidade feminina coma na masculina.
- **Categorías A, B, C, D, E e F:** trofeo conmemorativo en cerámica da Ponte de Gundián e vales para material deportivo para 1º e 2º, tanto na modalidade feminina como na masculina.
- **Primeiros/as clasificados/as da parroquia:** trofeos conmemorativos en cerámica da Ponte de Gundián doados por Super Ulla para o 1º de cada categoría, tanto na modalidade feminina como na masculina, excepto na categoría A especial.
- Premios conmemorativos en cerámica da Ponte de Gundián ao máis veterano/a e ao máis novo/a da carreira.

Os premios non serán acumulativos (só un premio por persoa), excepto os de primeiros/as clasificados/as da parroquia.

As primeiras 300 persoas en inscribirse recibirán unha camiseta conmemorativa.

Todas as persoas participantes disporán de bebida, barriñas e froita.

Todos os participantes das categorías A Especial e A que cheguen a meta recibiran un vale de 6 euros doado por Super Ulla.

Faranse sorteos entre todos os participantes presentes no momento da entrega de premios.

5/ Condicións de participación

A inscrición nesta carreira popular implica que a persoa que se inscribe, ou o pai/nai/titor no caso de menores:

- Certifica que se atopa en bo estado de saúde.
- Exime de responsabilidade á organización por por calquera lesión ou padecemento producido por imprudencia, neglixencia ou falta de forma física do/a participante, así como de calquera outra circunstancia relacionada coa participación no evento (agresión, perda de obxectos persoais etc).
- Autoriza a organización á toma de fotografías e a utilización da súa imaxe en webs, redes sociais, publicacións, carteis etc, co obxecto de promocionar este evento en particular e o deporte en xeral. Calquera persoa poderá denegar o permiso de utilizar a súa imaxe previa solicitude á comisión organizadora da carreira, por escrito ou a través do correo contacto@gundian.gal.